

PROGRAMA

NENOS/AS DA CÁTEQUESE PARROQUIAL DE LAXE

1. LOS PECES EN EL RÍO – Popular

CORAL ASOCIACIÓN MUSICAL GAITEIRA (A CORUÑA)

1. DESPEDIDA DE ANO VELLO
2. CAMPANA SOBRE CAMPANA
3. YA VIENE LA VIEJA
4. NOITE DE AMOR

Díríxe: D. JUAN BRAGE

CORAL MONTEMAR DE NOIA - A POBRA (OUTES)

1. CHEGUÉMONOS Ó PORTAL – Popular (arranxo)
2. HODIE CHRISTUS NATUS EST – Louis Feltz
3. CAMPANA SOBRE CAMPANA – Popurri Navideño
4. FOLIADA DE NADAL – D. Barreiros

Díríxe: D. DOMINGO BARREIROS LAGO

CORAL POLIF. MUNICIPAL ATALAIA DE LAXE (A CORUÑA)

- 1- LINDA NOITE - Popular do Algarve- Portugal
- 2- MARIÑEIRO - R. Groba
- 3-EL NIÑO DIOS HA NACIDO – Popular arxentina – Arm.:Mª del Carmen Aguilar
- 4- ATOR ATOR - Popular vasca. Autor: Iguridi. Arm.: J. Blasco

Díríxe: Dna. TAREIXA FACAL AMADO

NENOS/AS DA CÁTEQUESE PARROQUIAL DE LAXE

- 1.CAMPANA SOBRE CAMPANA – Popular

XVI FESTIVAL DE PANXOLIÑAS



SÁBADO 14 DE DECEMBRO

ás 19:30 horas na

Igrexa Sta. María
da Atalaia de Laxe

NADAL
2019

Organiza:

Coro Asoc. Musical Gaiteira da Coruña

Coral Polifónica Montemar de Noia - Pobra

Coral Polif. Municipal Atalaia de Laxe

Colaboran:



Concello de Laxe



ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA
CORAL POLIF. MUNICIPAL
ATALAIA DE LAXE



Rede Cultural da
Deputación
DA CORUÑA

CORAL ASOCIACIÓN MUSICAL GAITEIRA (A CORUÑA)

O grupo actual é de recente creación, pois foi fundado no 2018. Practicamente todos os seus membros, incluído o seu director, proveñen doutro coro que tiña unha experiencia de máis de 25 anos.

Actualmente, a coral, está formado por 25 membros, a maior parte deles, veciños do barrio da Gaiteira e os Castros (A Coruña).

Nestes dous anos de vida, ten desenvolvido unha intensa actividade musical, plasmada sobre todo en actuacións cara ao público en diversas localidades da cidade, da provincia e de Galicia. Destacan as actuacións no Festival de Habaneras da Coruña e diversos concertos en Centros Cívicos, Igrexas, no Casino e Centros de Terceira Idade da cidade da Coruña.

Na Provincia, teñen realizado concertos en diversas cidades como: Pontedeume, Ferrol, Narón, Ponteceso, Oleiros, A Capela, Sada, Pobra do Caramiñal. Tamén realizou un concerto en Redondela e fixeron unha actuación na TVG.

Os concertos téñennos realizado en diversos formatos que van do Encontro entre corais, ou en combinación con rondallas, instrumentais ou con actuacións individuais.

O repertorio é variado e abarca dende música tradicional de Galicia, Sudamérica ou europea, música culta e música sacra.

Nos derradeiros anos ten participado na Rede Cultural da Deputación da Coruña.

Dirixe a coral D. JUAN BRAGE.

CORAL MONTEMAR (NOIA, A POBRA)

Naceu a finais do ano 1984, cando un grupo de coralistas noieses e pobrenses decidiron cantar xuntos ó compartir a mesma dirección coral.

Ó pouco tempo gravaron conxuntamente, xunto coas corais de orixe (Liceo de Noia e Caramiñas da Pobra) un LP.

Entre os anos 1988 e 1893, acudiu asiduamente, durante 5 anos, ó Certame de Polifonía e Habaneras de Torreveja de Alicante, obtendo o Premio “Francisco Vallejos” á “Mellor das habaneras típica cubana (ano 1988) e á “Mellor Dirección Coral” no 1989.

Tamén acudiu ós Certames “Villa de Avilés”, Vila de Marín; Vila de Muros e Liceo de Noia, logrando premios nos anos 1988, 1989, 1990 e 1994.

Actuou repetidamente na TVG, en Radio Nacional, na Catedral de Santiago de Compostela e na de Oviedo.

A Coral Montemar participou, asemade, durante uns dez anos, no Certame de Panxoliñas de Caixa Nova, tanto na Coruña como en Vigo.

Colabora coa Xunta de Galicia, Deputación Provincial da Coruña e FE.CO.GA., da que é membro dende a súa fundación.

No seu repertorio hai todo tipo de música coral, destacando as Habaneras.

Dirixe a coral D. DOMINGO BARREIROS LAGO.

CORAL POLIFÓNICA MUNICIPAL ATALAIA DE LAXE

A agrupación nace no ano 2001, baixo o amparo do Concello de Laxe.

Na actualidade, está composta por 34 voces mixtas.

Durante estes anos, ten actuado en gran parte de Galicia, destacando a súa participación no Festival de Habaneras de A Coruña; a súa representación da Costa da Morte, en A Capela, con motivo da catástrofe do “Prestige” e a súa proclamación no ano 2015, como gañadora do XV Certame de Corais en Ourense.

Fóra de Galicia, ten actuado nas comunidades de Asturias, Cantabria, Castela-León, Extremadura e Madrid. Tamén en distintas cidades de Portugal, así como en Mendoza e Bos Aires (Arxentina).

Organiza dous encontros corais en Laxe: o “Certame da Canción Mariñeira” en xullo e o “Festival de Panxoliñas” en decembro.

Conta na actualidade cun repertorio variado e en continua progresión, con todo tipo de estilos musicais.

Grazas á xestión do Concello de Laxe e ás aportacións recibidas da Deputación e Estudio MANS de A Coruña, gravou o seu primeiro CD: “Sons da Terra”, no ano 2006.

Dirixe a coral Dna. TAREIXA FACAL AMADO.



Concello de Laxe ea



ASOCIACIÓN CULTURAL
DE AMIGOS DA CORAL
POLIFÓNICA
ATALAIA DE LAXE

Desexámostes un
Bo nadal
e
Feliz Aninovo!